



© Charlie Hopkinson

## EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



SARAH WATERS

***A rolda nocturna***

Tradución de Laura Almazán

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2010, 524 páxinas

P. V. P. 23 €IVE incluído

978-84-9865-250-5



9 788498 652505

## PREMIO NOVELA EUROPEA 2008

**P**ublicase en tradución para o galego ***A rolda nocturna***, coa que a escritora inglesa Sarah Waters obtivo o Premio Novela Europea do Casino de Santiago correspondente ao ano 2008. A novela desenvólvese no Londres da posguerra, logo de que a cidade sufrira os bombardeos dos avións alemáns, e conta os acontecementos e os sentimentos que van unir os destinos de catro mozos que intentan superar a memoria das privacións e os sufrimentos padecidos. Con ela, a Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, que Editorial Galaxia publica coa colaboración da Concellaría de Cultura do Concello de Santiago, chega ó seu número 19 e inclúe no seu catálogo unha das autoras máis premiadas entre as escritoras inglesas das últimas xeracións.

A novela de Sarah Waters pescuda nas raíces da vida de catro personaxes que, no Londres de 1947, sofren as consecuencias da guerra. A novela persegue o **fantasma do pasado** que obsesiona a Helen e que fai esmorecer a relación prohibida que mantén con Julia, unha autora de éxito a quen coñeceu durante a guerra. Indaga nas razóns polas que Kay, unha heroína dos bombardeos, vaga inconsolable polas rúas da cidade ou na historia de Viv, unha muller nova e engaioladora que non consegue abandonar o seu amante, antigo soldado casado e cabeza de familia.

En *A rolda nocturna*, Sarah Waters destila pouco e pouco **os acontecementos e os sentimentos** para descubrir o segredo que agochan. Recúa no decurso das vidas dos seus personaxes ata chegar aos meses arrepiantes dos bombardeos alemáns sobre Londres. ¿Que é o que realmente une o destino da xente? A escritora consegue mergullar lectores e lectoras nun xogo de pistas palpitante, inzado de reviravoltas estrañas e complicidades inesperadas que as consecuencias da guerra non fan máis que agudizar.

**SARAH WATERS** (Gales, 1966) foi profesora de literatura inglesa. A súa primeira novela, *Tipping The Velvet*, foi adaptada á televisión pola BBC e, coa segunda, *Affinity*, obtivo o Premio ao Escritor/a Novo do ano 2000, concedido polo xornal *The Sunday Times*. A publicación da súa terceira novela, *Fingersmith*, supúxolle o Premio Somerset Maugham, que sinalou a súa consagración definitiva. No 2003 recibiu o premio dos libeiros ingleses e o British Book Awards. En 2009 publicou a novela *The Little Stranger*.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Avenida de Madrid 44, baixo. 36204 Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.com